

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROXECTO VIRADA

Entidade executante

Asociación Érguete

(<https://asociacionerguete.org/gl/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos Concellos de Vigo, Marín e A Coruña.

Persoas destinatarias

Persoas con trastornos aditivos ou patoloxía dual en situación de exclusión social severa.

Para o 2023 estimase 80 persoas usuarias.

Obxectivos

Obxectivo xeral: Promover a incorporación sociolaboral de persoas con trastornos aditivos e patoloxía dual mediante accións e intervencións que pretenden implicar activamente, responsabilizar, promover e facilitar ás persoas a súa autonomía, desenvolvemento e benestar social.

Obxectivos específicos:

Capacitar ás persoas cara a toma de decisións e procura de obxectivos propios e alcanzables para a súa incorporación social e sociolaboral.

Formar ás persoas cara o seu propio coidado en materia de saúde e saúde mental, así como nas súas habilidades de autoxestión.

Xestionar o acceso das persoas aos servizos sanitarios, sociais, laborais e á administración pública electrónica, paliando a gran fenda dixital.

Metodoloxía

A metodoloxía consiste na elaboración dunha **folia de ruta individualizada**, entendida como o percorrido polos seus propios obxectivos para a promoción e desenvolvemento das capacidades das persoas, e no empoderamento necesario para que se vexan coas forzas e motivación para exporse e emprender os seus propios obxectivos (duración estimada de seis meses)

Virada ten tres principios metodolóxicos fundamentais:

- Coidado holístico das persoas e pensar nas persoas como un todo.
- Accesibilidade dos profesionais do equipo multidisciplinar.
- Implicación da persoa na xestión no itinerario do seu proceso de inserción sociolaboral.